CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO

(BOQUEIXÓN)

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA (E.S.O)



## CURSO 2021/2022

# ÍNDICE

1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ..... 4

2.- OBXECTIVOS DA ETAPA ..... 5

3.- PROPOSTAS DE MELLORA DO CURSO PASADO. ..... 6

4.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE. ..... 7

5.- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COS PERFÍS COMPETENCIAIS. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERACIÓN DA MATERIA, TEMPORALIZACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. ..... 9

SEGUNDO CURSO: ..... 9

TERCEIRO CURSO: ..... 18

6.- TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDOS E AOS OBXECTIVOS. ..... 26

SEGUNDO CURSO: ..... 26

TERCEIRO CURSO: ..... 30

7.- PROGRAMACIÓN MÚSICA VIAXEIRA. OBXECTIVOS. ..... 34

8.- MÚSICA VIAXEIRA. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES RELACIONADOS COS PERFÍS COMPETENCIAIS, OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COA SÚA TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. ..... 36

9.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. ..... 43

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ..... 43

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DESEÑADOS PARA O ENSINO NON PRESENCIAL. ..... 44

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ..... 44

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ..... 45

10.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. ..... 45

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. ..... 45

11.- METODOLOXÍA. ..... 48

METODOLOXÍA NO CASO DE HABER ALUMNADO EN CORENTENA. 49
METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL. 49
12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. 50
ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN 51
13.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. 51
14.- PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR. 52
15.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS. 52
16.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN. 52
17.- MATERIAIS E RECURSOS. 54
18.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR. 55
19.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL. 56
20.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA. 56
21.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. 56
22.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA. 57
23.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. 58

# 1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A música é un ben cultural e social de gran importancia, imprescindible para o ser humano. A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa.

A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Baseándonos nestes principios, elaboramos esta programación para ser aplicada no CPI Plurilingüe "Antonio Orza Couto" situado no concello de Boqueixón (A Coruña). Ademais, esta programación reflexa a situación de pandemia na que estamos sumidos pola Covid-19 e que nos obriga a realizar grandes cambios, tanto en metodoloxía como no día a día das clases, así como a valorar diversos escenarios en función da situación sanitaria.

O Departamento de Música neste centro está composto unicamente pola profesora e Xefa de Departamento Lina Mª González López, e as materias asignadas a el durante este curso son: Música en 2º e 3º de ESO, Música Viaxeira como materia de libre configuración en 1º de ESO, Valores éticos en 1º e 2º de ESO e Cultura Clásica en 3º de ESO.

Trátase este dun concello situado no rural, factor que condiciona en grande medida esta programación, tanto polas características e intereses propios deste alumnado, que en moitos casos non demostra moito interese polo estudio ao ter traballo asegurado na casa ou nas empresas da zona, así como á aplicación das TIC, xa que en moitos dos casos os alumnos non contan con conexión a Internet nas súas casas, teñen unha conexión moi deficiente ou incluso carecen de equipo informático, aínda que afortunadamente a situación está a mudar pouco a pouco.

O baixo número de alumnado favorece a atención sobre todo ao alumnado con necesidades educativas especiais, que no caso deste centro é do máis variado (alumnado con TDAH, mutismo selectivo, diferentes tipos de autismo...). Non beneficia en cambio o pequeno tamaño das aulas, sobre todo da aula de Música, que dificulta ao alumnado poder beneficiarse dela neste contexto sanitario.

En canto aos hábitos musicais, estase detectando un cambio na tendencia xeral. Habitualmente viñan mostrando unha preferencia bastante notable pola música popular galega e celta, tanto na escoita como na interpretación, así como a música de orquestras. Pouco a pouco van mudando as súas preferencias cara o lado máis latino e cara as propostas das radiofórmulas como Os 40 Principais.

No que respecta á interpretación, nesta zona hai bastante tradición tanto de grupos de gaitas coma de bandas de música, co que nos atopamos con algún alumnado que xeralmente estuda nunha escola de música algún instrumento de vento ou de percusión tradicional, o que fai que haxa grupos con niveis musicais moi dispares.

## 2.- OBXECTIVOS DA ETAPA

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 3.- PROPOSTAS DE MELLORA DO CURSO PASADO.

As propostas que se tiveron en conta para a elaboración da seguinte programación son as que constan na memoria do departamento do curso 2020-21 e que son de posible realización coa situación sanitaria deste curso:

**1.** Revisar novamente os contidos en todos os cursos, para valorar cales deles son susceptibles de realizar en colaboración con outros departamentos e así propoñer saídas didácticas e actividades comúns.

**2.** Incorporar os estándares de aprendizaxe que quedaron sen abordar este curso para completalos o curso que vén.

**3.** Mercar un amplificador novo para o baixo eléctrico.

**4.** Participar no Encontro de alumnos de Música e Secundaria de Galicia e no “Musiqueando” de realizarse o curso que vén.

**5.** Barallar a creación dunha fonoteca dentro do espazo da Biblioteca cos fondos do departamento.

**6.** Empregar a aula virtual do centro en Moodle e a plataforma EDIXGAL en 1º da ESO.

**7.** Introducir máis actividades vocais e de movemento.

**8.** Realizar actividades extraescolares coma o concerto de alumn@s e as saídas a concertos de ser posible pola situación sanitaria.

## 4.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de Música contribúe de forma directa á adquisición da competencia de **conciencia e expresión cultural** en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico aos que se circunscribe cada obra.

A orientación desta materia, na que a expresión xoga un papel importante, permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto individual como colectiva, que ao mesmo tempo estimulan a imaxinación e a creatividade. Por outra banda, unha mellor comprensión do feito musical permite a súa consideración como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Colabora ao desenvolvemento da competencia de **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, mediante o traballo colaborativo ao que antes nos referimos e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible en aras a un ben común.

A música contribúe tamén á competencia **social e cívica**. A participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento, da a

oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade na que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar neste arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

Ademais, a música realiza a súa achega a mellora da calidade do medio ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

A música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da **competencia dixital**, así como nas **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais, a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia para **aprender a aprender**, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise. Por unha banda, a audición musical necesita unha escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela, identificar os seus elementos e “apropiarse” da mesma. Por outra, todas aquelas actividades de interpretación musical e de adestramento auditivo requiren de toma de conciencia sobre as propias posibilidades, a utilización de distintas estratexias de aprendizaxe e a xestión e control eficaz dos propios procesos. A organización e realización de actividades musicais no centro escolar precisan, ademais, da apropiación dos recursos necesarios para o traballo en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común a medio prazo. En todos estes casos, é necesaria unha motivación prolongada para alcanzar os obxectivos propostos desde a autoconfianza no éxito da propia aprendizaxe.

Respecto á competencia en **comunicación lingüística**, a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario

musical básico. Tamén colabora á integración da linguaxe musical e a linguaxe verbal e á valoración do enriquecemento que dita interacción xera.

A música contribúe á **competencia matemática e ás competencias en ciencia e tecnoloxía** poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal. Ademais compre manifestar que a música incide dun xeito directo no progreso tecnolóxico e no desenvolvemento técnico vencellado ao virtuosismo instrumental, á arquitectura e á composición multimedia e dixital. Por outro lado non debemos esquecer que o son non é senón un movemento vibratorio reinterpretado polo noso cerebro, polo que se trata o estudio do son coma fenómeno físico e a súa influencia no noso medio e na nosa saúde co exceso de ruídos ou a contaminación acústica, a súa produción mediante a voz ou os instrumentos, así como os procesos biolóxicos da audición e da voz.

# 5.- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COS PERFÍS COMPETENCIAIS. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERACIÓN DA MATERIA, TEMPORALIZACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

## SEGUNDO CURSO:

| BLOQUE 1. INTERPRETACIÓN E CREACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE** | **TEMPORALIZACIÓN** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e | MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. **CCEC, CCL** | 4 SESIÓNS | Coñecemento das calidades do son: saber que significa cada unha delas e como se representan nunha partitura. | Realización de prácticas na aula.<br><br>Proba escrita. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. **CCEC, CMCCT** | TODO O CURSO | Recoñecemento dos compases de 2/4,3/4 e 4/4 tanto na escoita como en representacións escritas sen compás. | Proba escrita.<br>Interpretación de fragmentos nestes compases.<br>Realización de audicións nestes compases. |
| | MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. **CCEC, CMCCT** | TODO O CURSO | Realiza ditados rítmicos, melódicos e melódico-rítmicos sinxelos nos compases anteriores. | Realización de ditados. |
| B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; silencio; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, alteracións, etc). **CCEC** | TODO O CURSO | Debuxo da clave de sol. Lectura en clave de sol nos compases de 2/4, 3/4 e 4/4 con figuras desde a redonda ata a semicorchea cos seus respectivos silencios.<br>Coñecemento e uso das alteracións tanto propias como accidentais.<br>Recoñecemento e clasificación dos intervalos.<br>Coñecemento dos signos de prolongación: ligadura e puntillo.<br>Síncopas e notas a contratempo.<br>Coñecemento dos signos de repetición: dous | Probas prácticas de solfexo.<br>Interpretación de melodías e ritmos cos elementos da linguaxe musical traballados.<br>Probas escritas con exemplos de utilización destes elementos.<br>Prácticas de audición para recoñecer estes elementos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | puntos, casillas de repetición e Da Capo. | |
| B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. **CAA,CCEC** | TODO O CURSO | Improvisa melodías e ritmos sinxelos sobre as escalas, os modos e os ritmos traballados na clase. | Observación das improvisacións que se fan na clase. |
| | MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. **CAA,CCEC** | TODO O CURSO | Crea pequenos arranxos, melodías ou coreografías cos elementos traballados na clase. | Produto resultado desta creación (audio, partitura, coreografía...). |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. **CAA,CCEC** | TODO O CURSO | Aplica as técnicas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos nas interpretacións e no desenvolvemento das clases. | Observación destes factores na interpretación (como solista ou no transcurso da clase). |
| | MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. **CAA,CCEC** | TODO O CURSO | Interpretación cunha calidade técnica mínima de pezas vocais sinxelas en parellas ou grupo, de entre o repertorio traballado na aula a unha e dúas voces por terceiras, en canon ou con ostinatos. | Observación da interpretación na clase.<br><br>Interpretación dos temas traballados diante dos compañeiros. |
| | MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. **CCEC** | TODO O CURSO | Aplica as técnicas vocais aprendidas na súa interpretación vocal tanto na aula coma en público. | Observación na clase e nos produtos resultado das interpretacións. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. **CCEC** | TODO O CURSO | Pon en práctica as técnicas necesarias para unha boa interpretación. | Observación na clase e nos produtos resultado das interpretacións. |
| | MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. **CAA,CCEC** | TODO O CURSO | Pon en práctica as técnicas aprendidas á hora de facer unha exposición en público ou un concerto en directo. | Observación na clase e nos produtos resultado das interpretacións. |
| B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. **CAA,CCEC** | TODO O CURSO | Realiza, aínda que con dificultade, improvisacións sinxelas con estruturas pautadas. | Observación na clase e nos produtos resultado das interpretacións. |
| | MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. **CSIEE** | TODO O CURSO | Mostra respecto ante as interpretacións e exposicións dos demais, ten boa actitude cara a materia e ganas de mellorar na interpretación das pezas. Actitude positiva ao afrontar as actividades propostas pola profesora. | Observación na aula. |
| B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas | MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. **CCEC** | TODO O CURSO | Interpretación de pezas vocais, instrumentais e danzas de distintos estilos e culturas, tanto por imitación como mediante a lectura de partituras. | Observación na clase e nos produtos resultado das interpretacións. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. **CCEC** | TODO O CURSO | Interpretación de pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio musical español e galego. | Observación na clase e nos produtos resultado das interpretacións. |
| | MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. **CSC** | TODO O CURSO | Amosa apertura e respecto cara ás propostas e as quendas de palabra do profesorado e dos compañeiros. | Observación na aula. |
| | MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. **CSC** | TODO O CURSO | Valoración do silencio como marco imprescindible para a actividade musical e valoración crítica da execución propia e do grupo. | Observación na aula. |
| | MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. **CSIEE** | TODO O CURSO | Respecto ante a interpretación dos demais e cumprimento das normas básicas para a práctica musical. | Observación na aula e nas probas de interpretación. |
| **BLOQUE 2. ESCOITA** | | | | |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE** | **TEMPORALIZACIÓN** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. Identifica as principais agrupacións vocais e instrumentais. **CCEC** | 6 SESIÓNS | Identificación e discriminación dos instrumentos e voces máis usuais, así como das agrupacións musicais máis frecuentes. | Realización de prácticas na aula.<br>Realización de traballos de investigación.<br>Proba escrita. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. **CCEC** | TODO O CURSO | Identificación e discriminación dos timbres instrumentais nas audicións. | Realización de prácticas na aula.<br>Realización de traballos de investigación.<br>Proba escrita. |
| B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. **CCEC** | TODO O CURSO | Seguimento de partituras e musicogramas de instrumentos e formas musicais como apoio á audición. | Observación na aula. |
| B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. **CSC** | TODO O CURSO | Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a actividade musical. | Observación na aula e nas probas de interpretación. |
| B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) . **CCL, CCEC** | TODO O CURSO DE FORMA GRADUAL ENGADINDO ELEMENTOS | Describe os elementos das obras musicais propostas (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) . | Realización de prácticas.<br>Análise de pezas.<br>Proba escrita.<br>Realización de traballos de creación musical. |
| | MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. **CCEC** | TODO O CURSO | Igual | Realización de prácticas na aula. |
| | MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. **CCL** | TODO O CURSO | Realización de comentarios musicais utilizando un vocabulario axeitado e respectuoso. | Observación na aula e realización de probas escritas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións. | MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. **CSC** | TODO O CURSO | Coñecemento dos problemas derivados da exposición a ambientes ruidosos. | Realización de traballos de investigación coa súa exposición na aula. |
| | MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. **CD, CSIEE** | 4 SESIÓNS | Elaboración de murais, presentacións... sobre a contaminación acústica e os seus efectos na nosa vida. | Produto final do traballo coa súa exposición ante os compañeiros. |
| **BLOQUE 3. CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS** | | | | |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE** | **TEMPORALIZACIÓN** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. **CCEC** | TODO O CURSO | Participación activa e con boa actitude nas actividades de danza propostas. | Observación das prácticas na aula.<br><br>Interpretación diante dos compañeiros. |
| | MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. **CCEC** | 4 SESIÓNS | Coñecemento dos distintos usos que ten a música na nosa sociedade mediante a busca e análise de exemplos na vida diaria. | Realización dun traballo de busca e análise.<br><br>Proba escrita. |
| B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e | MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. **CCEC** | TODO O CURSO | Ten interese por coñecer diferentes xéneros musicais. | Observación na aula. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| respectuosa. | | | | |
| B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo. | MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego. CCEC<br><br>Sabe explicar o concepto de folclore e é consciente da importancia da etnomusicoloxía para o descubrimento e posta en valor da música tradicional de moitas culturas. CCEC | TODO O CURSO<br><br>2 SESIÓNS | Coñece e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.<br><br>É quen de explicar o concepto de folclore e da etnomusicoloxía. | Realización de prácticas na aula.<br><br>Proba escrita. |
| | MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. **CCEC** | TODO O CURSO | Interpreta pezas vocais e instrumentais españolas e galegas. | Observación da interpretación na clase.<br><br>Interpretación dos temas traballados diante dos compañeiros. |
| | MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. **CCEC** | 2º E 3º TRIMESTRE | Coñece os instrumentos tradicionais españois e galegos traballados na clase. | Realización de prácticas na aula.<br><br>Proba escrita. |
| | MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. **CCEC, CSIEE** | 2º TRIMESTRE | Recolle cancións tradicionais propias da súa zona e móstraas na clase. | Traballo de busca e recollida de música tradicional da zona. |
| B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios | MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. **CCL** | TODO O CURSO | Ten un vocabulario técnico apropiado. | Intervencións na clase.<br><br>Proba escrita. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música". | MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. **CCL** | TODO O CURSO | Expresa opinións musicais con rigor, claridade e corrección. | Intervencións na clase.<br><br>Proba escrita.<br><br>Realización de traballos sobre distintos aspectos musicais. |
| B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores. | MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. **CD** | TODO O CURSO | Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións | Observación na clase.<br><br>Realización de prácticas.<br><br>Produto final da revisión crítica. |
| | MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. **CAA** | TODO O CURSO | Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | Observación na clase. |
| **BLOQUE 4. MÚSICA E TECNOLOXÍAS** | | | | |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE** | **TEMPORALIZACIÓN** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. **CD** | TODO O CURSO | Realización de composicións con programas online, musescore, incredibox... | Rúbrica.<br><br>Realización das composicións.<br><br>Observación do proceso (de facerse na aula).<br><br>Análise do produto final. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. **CD, CSIEE** | TODO O CURSO | Utiliza programas varios de edición musical e de audio. | Creación de audios e análise do produto final. |
| B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. **CD** | TODO O CURSO | Busca de información e elaboración de traballos sobre o feito musical en distintos formatos coma genially, presentacións, prezi, podcast... | Observación do proceso (de facerse na aula).<br><br>Análise do produto final e da súa exposición na clase.<br><br>Rúbrica. |

## TERCEIRO CURSO:

| **BLOQUE 1. INTERPRETACIÓN E CREACIÓN** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE** | **TEMPORALIZACIÓN** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). **CCEC** | TODO O CURSO | Lectura en claves de sol e fa en 4ª.<br><br>Compases simples e compostos.<br><br>Signos de prolongación.<br><br>Signos de repetición.<br><br>Alteracións, intervalos, escalas maiores e menores.<br><br>Síncopas e notas a contratempo.<br><br>Recoñecemento e clasificación dos | Realización de prácticas na aula.<br><br>Probas de solfexo e interpretación.<br><br>Probas escritas.<br><br>Creación de produtos musicais empregando estes procedementos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | intervalos.<br><br>Acordes perfectos, graos da escala e introdución ás tonalidades maiores. | |
| B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura. | MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura. **CCEC,CAA** | 2 SESIÓNS | Recoñecemento e interpretación de texturas monódicas, homofónicas, contrapuntísticas e de melodía acompañada. | Realización de prácticas e audicións dos distintos tipos de textura.<br><br>Probas escritas e de recoñecemento das diferentes texturas. |
| B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical. | MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. **CCEC** | TODO O CURSO | Recoñece formas sinxelas tanto a partir da audición coma da partitura (conceptos de imitación, repetición e contraste; forma estrófica; formas binarias e ternarias). | Análise de pezas de diferentes estilos.<br><br>Creación de melodías empregando estas formas.<br><br>Proba escrita de recoñecemento das diferentes formas. |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. **CAA, CCEC** | TODO O CURSO | Boa actitude á hora da interpretación vocal, instrumental ou danza. | Observación na aula e nas interpretacións. |
| | MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. **CCEC** | TODO O CURSO | Canta cunha correcta técnica vocal. | Observación na aula.<br><br>Proba de interpretación na clase. |
| | MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. **CCEC** | TODO O CURSO | Fai exercicios de quecemento e canta cunha correcta técnica vocal. | Observación na aula das prácticas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. **CCEC** | TODO O CURSO | Interpreta correctamente o repertorio traballado na aula. | Proba de interpretación diante dos compañeiros. |
| | MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. **CAA,CCEC** | TODO O CURSO | Comprende que os ensaios son a mellor forma de preparar unha actuación. Practica as técnicas de control de emocións nas interpretacións na aula. | Observación das interpretacións na aula e nas probas prácticas. |
| B1.5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. **CAA,CCEC** | TODO O CURSO | Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | Observación do resultado desas interpretacións na aula. |
| | MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. **CSIEE** | TODO O CURSO | Ten boa actitude e intenta mellorar a súa interpretación. Respecta as actuacións dos demais. | Observación na aula e nas probas de interpretación. |
| B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. **CSIEE, CCEC**<br><br>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. **CCEC**<br><br>MUB1.6.3. Amosa apertura | TODO O CURSO<br><br>TODO O CURSO<br><br>TODO O CURSO<br><br>TODO O | Interpreta pezas vocais, instrumentais e danzas de distintas épocas, estilos, culturas e do patrimonio español e galego con seriedade, intentándoo facer o mellor posible e respectando as normas de interpretación. | Proba de interpretación das diferentes pezas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as. **CSC**<br><br>MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. **CSC, CSIEE**<br><br>MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. **CSIEE, CAA** | CURSO<br><br>TODO O CURSO | | |
| B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros. | MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas. **CCEC**<br><br>MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. **CD,CAA** | TODO O CURSO<br><br>TODO O CURSO | Sensibilización sobre o elemento sonoro que nos rodea.<br><br>Imitación e creación musical de ritmos sinxelos utilizando percusión corporal, vasos, paus chineses... | Creación dunha paisaxe sonora.<br><br>Análise das súas paisaxes sonoras habituais. |

## BLOQUE 2. ESCOITA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións. | MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. **CCEC,CAA** | TODO O CURSO | Recoñecemento auditivo e visual de instrumentos, voces, agrupacións e pezas desde a Idade Media ata o século XX. | Proba escrita.<br><br>Realización de prácticas.<br><br>Proba de interpretación das diferentes pezas |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Interpretación de pezas instrumentais e/ou vocais das diferentes épocas. | traballadas na aula. |
| B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición. **CCEC** | TODO O CURSO | É quen de seguir unha partitura como soporte da audición. | Observación das prácticas na aula. |
| B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. **CSC** | TODO O CURSO | Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | Observación na aula e nas interpretacións. |
| B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias. | MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. **CAA** | TODO O CURSO | Amosa respecto e interese por escoitar música proposta polo profesorado e os compañeiros. | Realización de traballos.<br>Observación das actitudes na aula. |
| | MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. **CCEC,CSC** | TODO O CURSO | Coñecemento das características, compositores e obras máis importantes da Historia da Música desde a Idade Media ata o século XX. | Proba escrita.<br>Probas de audicións.<br>Realización de traballos sobre as etapas da Historia da Música coa súa posterior exposición na clase. |
| B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación | MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes. **CCEC**<br>MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical. **CAA**<br>MUB2.5.3. Emprega | TODO O CURSO<br><br>TODO O CURSO | Uso dun vocabulario específico para describir os elementos musicais das obras escoitadas e interpretadas. | Observación do vocabulario empregado na clase e nas probas escritas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. **CCL** | TODO O CURSO | | |
| **BLOQUE 3. CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS** | | | | |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE** | **TEMPORALIZACIÓN** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| | | | ▪ B3.4.3. Identifica e clasifica segundo a súa procedencia e familia instrumental os instrumentos tradicionais galegos e doutras | ▪ Identifica e clasifica segundo a súa procedencia e familia instrumental os instrumentos tradicionais galegos e | ▪ Proba escrita.<br>▪ Práctica na aula. |

| Música viaxeira | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Temporalización | Contidos e obxectivos da etapa | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe relacionados coas competencias clave | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| | | | culturas traballados na clase. **CCEC** | doutras culturas traballados na clase. | |
| | | | ▪ B3.4.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. **CCEC, CSIEE**<br>▪ | ▪ Recolle pezas tradicionais interpretadas no seu entorno. | ▪ Produto da recollida de pezas. |
| | | | ▪ B.3.4.5. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre o contexto xeográfico e cultural dunha sociedade, a súa música os instrumentos que emprega e as funcións que ten a música e a danza dentro desa cultura, realizando unha exposición divulgativa do resultado da súa investigación para toda a comunidade educativa. **CD, CCEC, CCL,CSIEE** | ▪ Elabora traballos divulgativos en distintos formatos para toda a comunidade educativa. | ▪ Produto do traballo coa súa posterior exposición oral. |
| ▪ Todo o curso | ▪ B3.8. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.<br>▪ Obxectivos: b, e, g, h | ▪ B3.5. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música". | ▪ B3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. **CCL** | ▪ Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | ▪ Observación do uso do vocabulario no caderno e nas probas escritas. |
| ▪ | ▪ | | ▪ B3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. **CCL** | ▪ Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | ▪ Observación na aula, no caderno e nas probas escritas. |
| Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | | | |
| ▪ Todo o curso | ▪ B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento | ▪ B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.<br>▪ | ▪ B4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. **CD, CSIEE** | ▪ Utiliza distintas ferramentas para a gravación e reprodución de música. | ▪ Produto do uso de diferentes ferramentas (creación de cancións, xogos musicais....) |

| Música viaxeira | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Temporalización | Contidos e obxectivos da etapa | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe relacionados coas competencias clave | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| | auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>▪ B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>▪ B4.3. Realización de traballos de investigación sobre o contexto xeográfico e cultural dos diferentes países con exemplos da súa música e danza usando recursos na internet, elaborando murais dixitais e presentacións, coa súa posterior exposición diante da clase e/ou da comunidade educativa.<br>▪ Obxectivos: e, n, h, g | ▪ B.4.2. Utilizar recursos web 2.0, murais dixitais, programas informáticos... como ferramenta de investigación e divulgación musical. | ▪ B4.2.1. Utiliza diferentes recursos web, murais dixitais e realiza presentacións para investigar e dar a coñecer a música de diferentes culturas. **CD, CSIEE** | ▪ Utiliza ferramentas web e programas informáticos para a busca de información e a elaboración de traballos de investigación. | ▪ Calidade do traballo de investigación e da información seleccionada.<br>▪ Exposición oral empregando un vocabulario e unha linguaxe non verbal axeitados. |

**COMPETENCIAS CLAVE:** Comunicación lingüística (CCL), Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), Competencia dixital (CD), Aprender a aprender (CAA), Competencias sociais e cívicas (CSC), Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e Conciencia e expresións culturais (CCEC

## 9.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Realizaranse determinadas probas ou exames de tódolos aspectos musicais tratados na clase, así como a observación de determinadas actitudes. Estes aspectos serán:

- A interpretación instrumental e vocal (tanto en pequenos grupos coma solistas).
- Expresión corporal.
- Contidos teórico-prácticos (linguaxe musical, contextos musicais…)
- Elaboración de traballos relacionados cos temas (webquests, traballos escritos, murais dixitais, presentacións, vídeos…)
- Observación das actitudes do alumnado durante a clase, valorando o seu interese, esforzo, traballo e participación, así como as actitudes con respecto aos seus compañeiros.
- Entrega de traballos en prazo.
- Limpeza e coidado tanto do seu material coma do da Aula de Música.
- Traer sempre o material.
- Facer os traballos que se mandan para a casa.
- Correcta expresión tanto falada coma escrita, axeitada a un centro educativo.

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Todos estes aspectos reseñados anteriormente avaliaranse mediante os seguintes instrumentos:

a) Unha proba escrita que se realizará ao final de cada trimestre e que constará de exercicios relacionados con todos os aspectos tratados durante o trimestre (tanto de linguaxe musical coma de escoita activa ou de contextos musicais). No caso da linguaxe musical, do recoñecemento de texturas, formas musicais e instrumentos e voces, serán sumativos ao longo de todas as avaliacións. As audicións que se utilicen para esta proba serán das escoitadas anteriormente na clase.

b) A elaboración de traballos relacionados coa materia, que tanto poden ser de investigación buscando información en distintos soportes, coma de resume, análise e difusión (elaboración de murais, presentacións en Powerpoint ou Impress, Padlet...), que se entregarán SEMPRE no prazo fixado. Polo xeral estes traballos exporanse na clase para o resto de compañeiros.

c) A interpretación vocal e/ou instrumental das obras traballadas na clase, de xeito individual ou en pequenos grupos, nas que se valorará a interpretación de cada alumno individualmente (afinación, respecto polo tempo, técnica empregada, adecuación ao estilo musical ou adecuación á interpretación en grupo).

d) A interpretación vocal e/ou instrumental de obras traballadas na clase en conxunto, para toda a comunidade educativa.

e) Probas prácticas de solfexo con ritmos básicos e nas claves traballadas na clase.

f) Observación da actitude do alumnado con respecto ao material (se o trae sempre e en que estado) ao seu interese e participación (fai aportacións á clase, propón actividades, mostra interese por aprender, colabora nas interpretacións tanto dentro coma fóra da aula) e á súa actitude de cara aos demais (respecta aos compañeiros, exprésase convenientemente e colabora no bo transcorrer da clase).

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DESEÑADOS PARA O ENSINO NON PRESENCIAL.

No caso de producirse novos casos de COVID-19 que dean como consecuencia unha volta ao ensino non presencial, os procedementos e instrumentos de avaliación serán os que seguen:

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante o curso de forma presencial mais as traballadas durante o tempo que dure o ensino non presencial.

Do mesmo xeito, valoraranse aquelas actitudes básicas no proceso de aprendizaxe, que serán:

- A realización de todas as tarefas e actividades propostas e a súa entrega en tempo e forma.
- Correcta expresión e redacción, axeitada ao contexto.
- Emprego e dominio do vocabulario técnico.
- Creatividade na realización das tarefas.
- A capacidade de desenvolvemento persoal.
- Ter iniciativa á hora de consultar, resolver problemas e atopar solucións.
- Boa calidade das tarefas entregadas.
- Dominio dos procedementos empregados.

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Actividades e tarefas realizadas a través da aula virtual que cada curso ten habilitada en Moodle. As actividades basearanse naqueles elementos curriculares máis relevantes e imprescindibles e englobarán todos os bloques de contidos: interpretación e creación, escoita, contextos musicais e culturais e música e tecnoloxías para que o alumnado adquira os obxectivos fundamentais da materia. A realización das actividades explicarase nas clases virtuais e cuantificaranse logo da súa entrega e corrección. A entrega de tarefas farase cun marxe razonable para que o alumnado que teña problemas de conectividade, de uso de ordenador ou mesmo de enfermidade as poida realizar a tempo.
- Observación da actitude do alumnado fronte a materia (mostra interese por mellorar, por aprender e por facer as actividades correctamente, entrega as tarefas no prazo ou comunícase coa profesora cando ten algún problema, fai aportacións, busca solución ás dificultades coas que se atopa e exprésase con corrección).

## 10.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Explicados xa os procedementos e instrumentos, procederase a continuación a valorar cuantitativamente os diferentes instrumentos e a súa contribución á nota final. As aportacións cuantitativas para a nota final da avaliación repartirase nos seguintes tres apartados:

- **Bloque teórico-práctico** (exames escritos e traballos de investigación): Contará o 50% na nota final de avaliación e será a media dos exames escritos e dos traballos realizados.
    - Exames escritos: normalmente realizarase un por avaliación, podendo realizarse dous en casos excepcionais. Cada pregunta valerá un punto, agás nas que estea marcado especificamente outro valor. Valorarase tamén a corrección á hora de expresarse, polo que nestes exames descontarase unha décima por cada falta de ortografía ata un máximo dun punto. De sorprender a algún alumno copiando nos exames, retirarase este automaticamente, resultando a nota o que leve feito ata ese momento. Por norma xeral non se realizarán recuperacións dos exames, agás en casos puntuais e excepcionais.
    - Traballos de investigación: contabilizaranse no bloque teórico-práctico. A nota que levarán eses traballos repartirase da seguinte maneira:
        - Un 20% da nota corresponderá á **presentación**: limpeza, acabado, seguir as pautas marcadas, faltas de ortografía ou de redacción e estética.
        - Un 20% será a **exposición oral** dos traballos que se propoñan na clase: non ler continuamente o guión ou a presentación que se faga, mostrar exemplos prácticos (vídeos, audios, imaxes...), engadir datos non presentes na diapositiva ou imaxe que se expoña, correcta expresión corporal e linguaxe apropiada. No caso de non realizarse a exposición oral, esta puntuación engadirase ao contido.
        - Un 20% corresponderá á calidade do seu **traballo en grupo**. No caso de ser unha tarefa individual, a exposición oral contará un 25% e o contido un 55%.
        - O 40% corresponderá ao **contido**: adecuación ao tema, tratar todos os puntos marcados, orixinalidade, que estea redactado polo alumno e non copiado de internet e que desenvolva todos os aspectos dun xeito correcto e rigoroso.

No caso de que entreguen algún traballo copiado dun compañeiro ou literalmente de internet, a nota máxima que poderán levar será un 2. Co fin de que os alumnos adquiran un maior sentido da responsabilidade, non se recollerán traballos entregados fóra de prazo salvo por causa xustificada, sendo polo tanto esta cualificación un 0.

- Contarán neste apartado os cuestionarios, tests… realizados na aula virtual.

- **Bloque práctico** (interpretación vocal e instrumental, solfexo e creación musical): Contará o 50% na nota final de avaliación e será a media das probas prácticas realizadas:
    - Interpretacións individuais e/ou en pequenos grupos de pezas traballadas na clase tanto vocais coma instrumentais. No caso de negarse a realizalas a nota será un 0.
    - Solfexar individualmente exercicios traballados na clase ou con estruturas, figuras e notas traballadas na aula.

- Realización das actividades de creación musical propostas (gravacións, elaboración de pequenas pezas, creación de material audiovisual, dixitalización de partituras e edición de audio). Nas que se valorará:
  - Calidade técnica, orixinalidade, resultado estético final.
  - Uso das estruturas marcadas na tarefa, seguir as instrucións marcadas.

  A valoración de cada un destes apartados especificarase en rúbricas adaptadas para cada tipo de traballo.

  No caso de non entregarse no prazo establecido salvo causa xustificada, a nota será dun 0.

- **Actitude do alumno fronte á materia** (esforzo, atención, material, actitude na aula, traballo diario, respecto polos compañeiros/as…). Como o traballo na aula, o estudo, participar na clase, ter o material dispoñible, a boa actitude e a realización das tarefas na casa se consideran un deber por parte do alumnado, no caso de non realizalo será penalizado de cada vez cunha falta que equivale a 0,25 menos na súa nota final de avaliación. Cando un alumno acade o 10% en negativos coas súas faltas de actitude poñerase en coñecemento da familia e se persiste poderase poñer un parte de faltas grave.

Como as notas de avaliación só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio para redondear as cifras decimais:

- Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de cinco ( por exemplo: 7.5 transcribiríase como un 8).
- Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas décimas teñan un valor inferior a cinco (por exemplo: 7.4 transcribiríase como un 7).

**No caso de Música viaxeira**, os criterios de cualificación serán os mesmos, se ben non se distinguirá entre bloque teórico e bloque práctico, senón que todas as probas contarán en igual medida na nota final de avaliación.

A **cualificación final ordinaria** será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións do curso, que deberá ser superior a 5 e para a que non se considerarán os diferentes redondeos aplicados nas avaliacións.

En caso de non ter superado a materia na avaliación ordinaria, o alumnado deberá presentarse a unha **proba extraordinaria** que se celebrará en torno ao 20 de xuño e que consistirá nun exame escrito de tódolos contidos tratados durante o curso. Non se realizará proba práctica nesta avaliación extraordinaria de forma xeral, se ben en función do alumnado, podería realizarse de forma excepcional cando sexa a parte práctica o que non dominen (ou se neguen a realizar estas probas durante o curso). Esta proba prepararase durante as sesións previas con actividades de reforzo e de repaso.

## 11.- METODOLOXÍA.

Esta programación está enfocada baixo a didáctica baseada na **aprendizaxe activa, participativa e significativa**. O alumno é o principal protagonista do proceso de formación: é el o que ten que enfrontarse á adquisición dos coñecementos e conceptos, así como á súa comprensión, valoración e xuízo crítico. Partirase sempre dos coñecementos previos do alumnado e favorecerase tanto o traballo individual para favorecer a capacidade de aprender por si mesmos, coma o cooperativo, aportando cada alumno as súas experiencias, opinións, motivacións... ao grupo para lograr os obxectivos marcados e acadar as competencias, promovendo polo tanto a aprendizaxe en equipo.

Como **actividades motivadoras** usaremos tanto a expresión vocal, instrumental e corporal como traballos de campo, sobre todo usando entornos virtuais (programas informáticos, aplicacións para móbiles ou tabletas, software musical e educativo...) que lles resultan máis atractivos e actividades de audición, pero sempre sendo unha audición activa, onde interveña o alumno. Tamén se fomentará a creatividade propoñendo actividades de creación musical, imaxinación ou de emprendemento.

A música plantexarase sempre como unha **actividade de grupo**. Esto conleva a aceptación das normas que leva implícito o facer música en grupo como poden ser o silencio, a atención ao director e aos compañeiros, etc. Desta forma propíciase unha actuación aberta e desinhibida na acción musical así coma o respecto polos demais. Este traballo en equipo favorece tamén o equilibrio dos diferentes ritmos de aprendizaxe, posto que os alumnos que antes aprenden poden axudar aos que teñen dificultades.

Tamén deberán ser capaces os alumnos de utilizar a **memoria** das formas ou xiros musicais característicos para anticipalos ou proxectalos no proceso de facer música, para o que usarán a voz e calquera outro tipo de instrumento.

Daráselle especial importancia á expresión oral e escrita, traballando tanto a lectura de todo tipo de textos, como a expresión oral dentro da clase, así como na realización de textos cunha calidade axeitada.

O uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) será habitual e estará integrado no día a día da materia, empregando a aula virtual, diversas ferramentas de ofimática, murais dixitais, editores de audio e vídeo, aplicacións móbiles musicais...

Todos os contidos, traballos, apuntes... se subirán desde o inicio do curso á aula virtual para que no caso dun novo confinamento ou da posta en corentena do centro, todo o alumnado teña acceso ao material necesario. No caso de detectar algún caso de alumnado con problemas de conectividade poñerase en coñecemento do titor ou titora á maior brevidade.

Do mesmo xeito, adicaranse os primeiros días de clase a insistir nas dinámicas de celebración das clases, así como nas medidas hixiénicas necesarias para previr contaxios. O traballo nestes aspectos será continuo durante todo o curso.

Destacamos tamén que, seguindo o decreto lingüístico actualmente vixente, a materia impartirase en galego en todos os cursos.

## METODOLOXÍA NO CASO DE HABER ALUMNADO EN CORENTENA.

No caso de que haxa alumnado que teña que estar confinado debido á COVID-19, utilizarase a aula virtual como vía de comunicación con estes alumnos. Aí recibirán material e propostas de traballo para poder continuar a súa aprendizaxe desde a casa.

Sempre que sexa posible contactarase con eles a través de videoclases ou clases gravadas (de ser o caso), como xa se fixo o curso pasado con bos resultados.

## METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL.

A metodoloxía estará baseada na aprendizaxe activa, participativa e significativa. Proporanse actividades motivadoras e nas que se traballen a un tempo todas as competencias ou a maior parte delas, facendo fincapé nas actividades baseadas na creatividade e no desenvolvemento das capacidades persoais do alumnado.

Serán actividades integradoras, que traballen á vez varios dos bloques de contidos e fomenten as ganas de aprender do alumnado, controlando os procesos de realización para asegurar que o alumnado mellore as súas habilidades de aprendizaxe e estarán adaptadas segundo as necesidades e posibilidades do alumnado, atendendo aos problemas que esta situación lles está a causar.

Poñerase sempre un prazo de entrega que aparecerá no calendario da clase e orientarase ao alumnado de cara á organización do traballo para mellorar a súa competencia de aprender a aprender.

Todas estas actividades estarán dispoñibles semanalmente ou cada 15 días (dependendo da actividade) na aula virtual de cada clase, onde tamén se resolverán dúbidas, haberá un taboleiro con novas e o alumnado poderá consultar o seu progreso.

Farase unha clase virtual alomenos cada semana para preparar o traballo a realizar, ademais de establecer outras vías de comunicación como o muro da aula virtual ou o correo electrónico. Do mesmo xeito, procurarase gravar estas clases semanais para que o alumnado poida acceder a ela con posterioridade.

No caso de detectarse alumnado con problemas de conectividade, seguirase o protocolo establecido, poñéndoo en coñecemento do titor ou titora quen coordinará un plan de recuperación. O departamento

poñerase en contacto a través de medios alternativos (correo electrónico, teléfono, aplicación Abalarmóbil...) e facilitará, de ser necesario, o material preciso no formato que mellor se adapte ás súas circunstancias.

Todo o material necesario para a realización das actividades será proporcionado a través da aula virtual, principal plataforma de comunicación co alumnado ou noutros formatos de ser necesario.

## 12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

É fundamental atender ás necesidades educativas de tódolos alumnos. Polo cal se fará todo o posible por respectar os seus intereses, necesidades, etc...

Poderanse tomar diferentes medidas:

- Adaptar os contidos de forma individualizada, mediante a aplicación metodolóxica en cada caso, tendo en conta:
  - O interese mostrado polo alumno.
  - As posibilidades de alcanzar os obxectivos propostos no currículo e a metodoloxía participativa que intentará crear unha presión colectiva para os alumnos máis reticentes ao esforzo que estimule a súa aprendizaxe.
  - As diferentes necesidades do alumnado (TDAH, TDA, dislexia, mutismo selectivo, altas capacidades...). Para o que se aplicarán os diferentes protocolos.
- Controlar o ritmo de ensinanza-aprendizaxe para aqueles que teñan unha mellor capacidade, co fin de non prexudicar o seu avance intelectual e expresivo e posibilitar ao máximo o aproveitamento das súas capacidades.
- Agrupar aos alumnos de distintas formas na aula, de maneira que o traballo se faga individualmente ou en pequenos grupos heteroxéneos, utilizando os espazos de modo creativo e que se favoreza a participación.
- Realizar apoios en pequeno grupo e de ser necesario titorías nos recreos onde poder axudar e orientar aos alumnos que teñan algunha dificultade.
- Ter en conta as actividades de avaliación sumativa, tendo unha gradación das actividades, que estableza unha diferenciación entre os diferentes niveis de adquisición dos contidos da área.
- Favorecer un espírito positivo e optimista resaltando os aspectos positivos dos coñecementos, que estimule a integración do grupo e o espírito de tolerancia.
- Adaptación curricular de ser o caso.

## ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN

As principais técnicas instrumentais da área son a lectura e a escritura musical, o control motor que afecta tanto ós dedos nos instrumentos dixitables como ao control postural, e o sentido melódico e rítmico.

En caso de observarse unha merma das técnicas instrumentais respecto ao mínimo previsible para a superación dos contidos, deseñaranse unha serie de actividades específicas para o alumnado en cuestión, de maneira que poidan acadar os mínimos esixidos. Estas actividades iranse preparando a medida que as necesiten os alumnos, e naqueles aspectos que se queiran mellorar.

A ampliación é necesaria naqueles alumnos e alumnas que mostran unha especial facilidade ante o feito musical e que os separa do resto. Sen embargo, esta predisposición non aparece normalmente en tódolos aspectos diferenciados dentro da educación musical, senón só nun deles ou nos eminentemente prácticos. Os casos que requiren unha especial intervención son os do alumnado afectado de sobredotación intelectual, o que ten “talento” e o que practica a música por estudar nun centro especializado ou por pertencer a unha agrupación musical concreta. Nestes casos elaborarase un programa específico para este alumnado, prestando unha maior atención ás súas necesidades, pero deixando que poida participar en tódalas actividades colectivas, engadindo, por exemplo na práctica instrumental o instrumento propio do seu estudio.

# 13.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

A superación das materias pendentes determinarase mediante dous procedementos non excluíntes:

- Actividades de avaliación que se realicen en clases específicas de recuperación das materias pendentes.

- A realización de dúas probas finais de avaliación, unha ordinaria en maio e unha extraordinaria en xuño.

Ao longo do curso a Xefa de departamento entregará aos alumnos exercicios e traballos que deberán realizar para demostrar tanto o dominio de conceptos como de destrezas básicas da área, e que deberán ir entregando para facer o seu seguimento. A entrega de exercicios producirase a partir da primeira semana de outubro e rematarase no mes de abril. No caso de que realicen correctamente tódolos traballos propostos e se entreguen na data establecida, considerarase a materia superada sen necesidade de realizar ningún exame. De non realizarse estas tarefas (ben sexan todas ou parte delas) ou entregarse máis de unha fóra de prazo, darase ao alumnado a posibilidade de realizar unha proba en maio onde se avaliarán os contidos e o seu dominio da materia e na que deberán ter un mínimo de 5 puntos.

No caso de que o alumnado tampouco supere esta proba, terá a posibilidade de volver presentarse a unha proba na convocatoria extraordinaria, que se superará cun mínimo de 5 puntos.

## 14.- PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR.

Como está recollido no apartado de actividades de reforzo e ampliación, deseñaranse unha serie de actividades para o alumnado que necesite un traballo máis individualizado, segundo as súas necesidades específicas (apartados teóricos, práctica instrumental…). Tamén se irán colgando na aula virtual diferentes actividades, xogos, exercicios, etc… que lles axudarán a reter e entender mellor os contidos.

Todas estas actividades estarán controladas e coordinadas pola profesora da Área.

## 15.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días do curso e servirá para obter información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave, co que poderemos marcar o nivel de partida dos novos contidos do curso, distinguir o alumnado que necesita algo máis de axuda ou reforzo na aula, materiais específicos... Para iso servirémonos tanto dos informes de avaliación individualizados do curso anterior coma nunha pequena proba con distinto tipo de destrezas que se realizará na clase e que terá como finalidade unicamente coñecer o punto de partida do proceso de ensino-aprendizaxe, polo que non se terá en conta á hora da cualificación.

En función dos resultados haberá que adicar tempo a incidir nos coñecementos que deberían estar adquiridos e non o están, ademais de decidir medidas a adoptar co alumnado que presente problemáticas específicas (TDAH, TDA, mutismo selectivo, Síndrome de DiGeorge, dislexia ou altas capacidades).

## 16.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN.

A música non so é unha linguaxe que se artella como tal, senón que está directamente presente noutro tipo de linguaxes como a comunicación audiovisual. É importante que o alumnado sexa consciente desta realidade polo que no desenvolvemento da materia relacionarase continuamente a linguaxe musical cos outros tipos, ademais de prestar unha especial importancia á comprensión lectora mediante a lectura de textos musicais para elaborar traballos de investigación coma partituras ou textos divulgativos, á expresión oral e escrita mediante a creación de textos propios relacionados cos temas ou temas musicais propios, así como a entender o papel da música na comunicación audiovisual analizando a presenza da música nestes medios. Tamén se procurará que

expoñan en público o maior número de traballos posibles para que se habitúen a mostrar as súas ideas nun grupo máis grande e que practiquen estratexias para ter unha correcta exposición.

Asumindo a realidade tecnolóxica que nos rodea, procurarse integrar as TIC en todas as facetas da aprendizaxe. Usaranas para realizar investigacións, para descubrir e producir obras musicais, practicar teoría musical e ata como medio de comunicación mediante a aula virtual. Tamén lles permitirá realizar os seus propios recursos educativos, fomentando así o emprendemento e a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballo en equipo.

Coa interpretación musical tanto individual como en grupos logramos traballar tanto a autonomía como a iniciativa, o traballo en equipo e o que é máis importante, a confianza nun mesmo. Co posterior comentario do propio alumnado sobre a súa actuación e a dos demais fomentamos ademais o sentido crítico. Tamén axuda á súa educación emocional, xa que a interpretación para un público obriga a aprender estratexias para controlar a situación emocional propia, e que tamén axudará a previr situacións que poidan derivar en violencia de calquera tipo.

Ademais destes elementos, traballaranse outros como son:

A **educación para a saúde**, de especial importancia este curso e á que se adicaran as primeiras sesións para realizar as clases e organizar os movementos no centro de forma hixiénica e segura, así como para crear hábitos saudables de cara a esta nova realidade na que estamos inmersos. Ademais, a actividade vocal instrumental e motriz axuda de forma natural a mellorar funcións orgánicas como a respiración e o dominio corporal. Os exercicios psicomotrices e os exercicios de ritmo, desenvolven as funcións xerais de control neurolóxico e favorecen a sincronización motora. Tamén se traballará o perigo que representa o abuso das fontes sonoras para o sistema auditivo.

A **educación non sexista**, xa que as coreografías, a danza, o canto, se converten en elementos integradores e igualadores de convivencia e de traballo en equipo. Ademais traballaranse elementos presentes nas cancións relacionados coa igualdade entre homes e mulleres e coa violencia de xénero. Aproveitaranse os textos das cancións e produciranse outras letras reivindicativas en datas sinaladas. No día a día procurarse a igualdade en todos os aspectos do desenvolvemento das clases.

A **educación do consumidor e para o lecer**, en que a educación musical pode servir para crear criterios de selección respecto ás adquisicións de gravacións, asistencia a espectáculos, etc...

A **educación ambiental**, fomentando o respecto ao espazo sonoro e ao uso correcto das fontes de son.

A **educación para a paz e a tolerancia**, xa que mantén unha presencia máis que constante a través dun tratamento dobre: por un lado cara ás persoas do contorno inmediato, e por outro ás diferentes culturas presentes no mundo, a partir da práctica ou audición de obras folclóricas. Ademais procurarse fomentar que todo o alumnado realice todas as actividades e toque todo tipo de instrumentos e que se axuden entre eles para que todos poidan acadar os obxectivos e gozar coa actividade musical. Esta forma de traballar vai promover a igualdade de trato e evitar a discriminación

por calquera condición persoal ou social. Tamén vai axudar a integrar ás persoas con discapacidade e a promover a boa convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

## 17.- MATERIAIS E RECURSOS.

Non se conta con libro de texto en ningún curso de ESO, polo que todos os materiais empregados serán elaborados pola profesora ou polo propio alumnado en función das súas necesidades. Tamén se empregarán materiais de libre difusión en internet. Os apuntes e as tarefas xestionaranse mediante a aula virtual que o departamento ten habilitada na plataforma Moodle no espazo web do centro.

O alumnado de todos os cursos deberá contar con papel pautado.

Outros recursos que se utilizarán serán os seguintes:

- Aula de informática.
- Biblioteca do centro.
- Dispositivos móbiles.
- Audicións en distintos soportes.
- Fotocopias (só nos casos imprescindibles).
- Diferentes tipos de partituras.
- Materiais audiovisuais.
- Instrumental Orff.
- Diferentes tipos de instrumentos.
- Ordenador, micrófonos e altofalantes.
- Encerado dixital.
- Determinados programas informáticos e aplicacións web.
- Páxina web do Centro e Aula virtual.
- Proxector, gravadoras…

## 18.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

Dedicarase un tempo diario á lectura comprensiva de todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico, relacionados coa materia que se estea a tratar na clase, tanto con debates como con preguntas sobre a temática dos textos. A excepción producirase os días que se dediquen á práctica instrumental, no que se traballará a lectura de partituras.

Do mesmo xeito, haberá traballos de investigación que necesitarán unha boa comprensión lectora, sobre todo en soporte informático e comentarios de texto, así como a elaboración de podcast informativos que requerirán unha boa competencia lingüística. Tamén se suxerirán lecturas axeitadas á idade dos alumnos cun referente musical, moitas das cales xa están presentes na Biblioteca do centro.

Lecturas recomendadas:

- *Óperas contadas para niños* de Jordi Sierra i Fabra.
- *Por qué Beethoven tiró el estofado. Y muchas más historias acerca de las vidas de grandes compositores* de Steven Isserlis.
- *El solista* de Steve López.
- *El violín de Auschwitz* de Maria Angels Anglada.
- *El contrabajo* de Patrick Süskind.
- *La Fuga* de Pascal Blanchet.
- *El fantasma de la ópera* de Gaston Leroux.
- *El asesinato del profesor de música* de Pablo Núñez e Jordi Sierra i Fabra.
- *El síndrome Mozart* de Gonzalo Moure..
- *El violín del diablo* de Joseph Gelinek.
- *La décima sinfonía* de Joseph Gelinek.

## 19.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL.

En canto ás TIC, utilizaranse de xeito habitual en tódalas sesións de diferentes maneiras, por exemplo con programas específicos de índole musical, actividades interactivas na aula virtual, realización de traballos utilizando diferentes aplicativos, utilización de editores de audio e partituras, webquests, etc… como está reflexado ao longo da programación.

Crearanse produtos audiovisuais de investigación e difusión, ademais de empregar procesadores de textos, presentación de diapositivas... Potenciando o uso de ferramentas en liña para facer os traballos así como o sistema de almacenamento de datos na nube. Sempre que sexa posible traballarase con software libre ou aplicacións web gratuitas.

## 20.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Desde este departamento seguiranse as directrices marcadas polo Plan de Convivencia do Centro, colaborando en tódolos aspectos para axudar á boa convivencia dentro da Comunidade educativa. Para isto procurarase, entre outras cousas:

- Fomentar o respecto polos demais e por outras culturas.
- Coidar a expresión, de maneira que sea axeitada para un centro educativo, controlando as palabras malsoantes e condutas pouco adecuadas do alumnado.
- Identificar e detectar os casos de acoso escolar.
- Vixiar que non corran e berren polos corredores e que se respecten as medidas anti covid.
- Intentar que o alumnado faga un bo uso de tódolos recursos e instalacións do centro.
- Procurar que participe toda a comunidade nas actividades propostas polo centro para que haxa un bo ambiente.
- Atallar tódalas condutas disruptivas.

## 21.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Debido á mellora da situación sanitaria na que comeza este curso, valorarase retomar a realización de actividades complementarias e extraescolares. Para isto estudiaremos a posibilidade de facer saídas didácticas ao Auditorio de Galicia e a asistencia ao Encontro de alumnado de Música de

Secundaria e Bacharelato de Galicia organizado por ASOMÚSICA (Asociación de profesorado de Música de Secundaria e Bacharelato de Galicia) no caso de que teñan lugar este curso. Por suposto, a realización destas actividades farase dependendo da situación sanitaria, polo que se poderán suspender no caso de que a situación empeore.

Procurarase realizar un concerto de alumn@s (ou ben en decembro ou ben en maio) e participar no Musiqueando organizado desde a COAEM (Confederación de Asociacións de Ensinanzas Musicais), así como elaborar algunhas actividades en colaboración coa Biblioteca e os outros equipos de dinamización do centro para que toda a comunidade poida coñecer e apreciar o traballo que se está a realizar dende a área de Música, así como para poñer en valor as ensinanzas artísticas e o que aportan ao conxunto da sociedade.

Algunhas destas actividades complementarias estarán enfocadas ao Plan Proxecta do centro Móvete +, que combina actividade física e música, así como o fomento de hábitos saudables como sería a organización dun taller de danzas históricas e un de percusión con instrumentos reciclados.

Do mesmo xeito, poderanse realizar outras actividades que se consideren axeitadas, relacionadas coa materia ou en colaboración con outros departamentos.

## 22.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

En primeiro lugar haberá que observar se o alumnado segue o ritmo da programación e en función diso irase revisando mensualmente ao longo do curso para que todo o alumnado acade os obxectivos marcados. Ademais hai que ter en conta os temas tratados nos concertos didácticos aos que asista o alumnado, que poden variar a temporalización da programación. Tamén se poderán modificar as obras a interpretar en función dos intereses de cada grupo.

Outro indicador básico serán os resultados dos alumnos e o seu grao de adquisición dos contidos e das competencias clave. En función destes datos poderase variar a metodoloxía empregada ou o tipo de actividades a realizar.

Todos estes cambios e as súas motivacións irán recolléndose nos informes mensuais do departamento.

Ademais, a final de curso pasaráselle ao alumnado unha enquisa onde se comentarán tódolos factores que inflúen nas clases para poder así melloralas baseándonos na súa experiencia. Nesta enquisa poderán tamén engadir as súas propostas de cambio para cursos posteriores.

A revisión, avaliación e modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento.

## 23.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

| AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE | |
|---|---|
| **ACTIVIDADE** | **INDICADORES DE LOGRO** |
| Planificación | - Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.<br>- Realiza a temporalización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.<br>- Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.<br>- Planifica as clases de maneira aberta e flexible.<br>- Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente, así como os arranxos de obras para interpretar na clase.<br>- Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación relacionados directamente cos estándares de aprendizaxe.<br>- Coordínase co profesorado doutros departamentos. |
| Motivación do alumnado | - Dá a coñecer a planificación da práctica proporcionando unha visión de conxunto a principio de curso e ao comezo de cada sesión de traballo.<br>- Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.<br>- Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.<br>- Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novidosos.<br>- Fomenta un bo ambiente na aula.<br>- Promove a participación activa do alumnado no seu proceso de |

| AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE | |
|---|---|
| | aprendizaxe.<br>- Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos.<br>- Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.<br>- Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización da práctica instrumental.<br>- Evita a repetición de pezas a fin de introducir elementos novidosos que motiven ao alumnado. |
| Desenvolvemento do traballo diario | - Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.<br>- Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.<br>- Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.<br>- Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado de ser necesario.<br>- Relaciona os contidos a dar con elementos da súa realidade diaria ou cos de outras materias.<br>- Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.<br>- Selecciona pezas vocais e/ou instrumentais, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.<br>- Fomenta a autonomía, a igualdade, a iniciativa persoal, o traballo en equipo e o respecto (tanto entre compañeiros, coma co resto da comunidade e o material) para que o alumnado acade maior confianza en si mesmo. |
| Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe | - Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. |

| AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE | |
|---|---|
| | - Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.<br>- Establece medidas que permitan introducir melloras.<br>- Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.<br>- Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico.<br>- Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.<br>- Favorece os procesos de autoavaliación.<br>- Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.<br>- Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.<br>- Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos. |

Boqueixón, 20 de setembro de 2021

Lina Mª González López

Xefa do departamento de Música